

Capela de San Xoán

080021

Datos de Localización

Capela

Nomenclator:	3209001
Coord. UTM:	X: 59951518 Y: 466511928
Concello:	Vilar de Santos
Parroquia:	PARADA DE OUTEIRO
Lugar:	Laioso
Tipoloxía:	Arquitectura Relixiosa
Tipo:	Capelas
Subtipo:	Capela



Denominación: Capela de San Xoán

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descripción:

Edificio de planta rectangular, muros realizados con grandes cachotes encintados e cuberta a dúas augas con tella curva. A fachada principal, con porta alintelada, remata nunha espadana de dous corpos con arco, sobre os que asenta unha cruz templaria. Cubre esta fachada un pórtico aberto, con tellado a tres augas, que apoia en sendos canzorros da fachada e en dous piarez con basa e capitel. A capela está situada na zona do Campo, na parte Leste da aldea, e presenta diante da fachada principal unha ara e un sartego.

Aparece nomeada como unha das catro capelas que hai na parroquia, na visita 18 de outubro de 1676. (Libro, 35-7-10, folio 14). Ata a visita de 1709 non se volve facer mención a esta capela, na que se di: "[...] Y por quanto en esta feligresia ademas de las hermitas expresadas en la cabeza desta visita; su ilustrísima se alla ynformado ay otra mas en el lugar de Layoso su advocación del Glorioso San Juan la qual se alla muy Yndecente y yncapaz de celebrar en ella" (Libro 35-7-10, folio, folio 77). Tamen se di que o responsable de adecentala é Don Joseph Osores, como dono do Coto e ser "clausula expresa do seu mayorazgo" (Libro 35-7-11, folio 77) . Nun decreto datado no 8 de xunio de 1712, ante a petición do dono do Coto, autorizase ao traslado da capela a un lugar más decente e a reedificala de novo (Libro 35-7-10, folio 86 volto). En visita do 26 de setembro de 1773, sinálase como responsable do mantenemento da capela ao dono do coto e prohíbeselle celebrar misa nel, ao cura párroco, aún con pretexto de fundación, festa ou devoción. (Libro, 35-7-11 folio 27). Na visita do 16 de outubro de 1856: "visito la capilla de San Juan Evangelista que se halla en el lugar de Layoso, y considerandola muy uyl y necesaria para que los vecinos dde dicho pueblo de los inmediatos de Breijomes de Arriva y de abajo y puedan alli a misa en comun el Santo Rosario andar el calvario y ganar las indulgencias de la Bula de la Santa Cruzada especialmente en los días de intemperie o cuando por vageza o enfermedad no les sea facil venir a a la Iglesia [...] manda que se adecente y mejore proviendola de un buen pavimento de piedra labrada, reformando las gradas y la mesa del altar, entallando en ella el ara sagrada con arreglo a rubrica juntando el retablo colocando en los nichos colaterales al del titular una imagen de la Virgen del Rosario o del Carmen y otra de San Juan Bautista y poniendo una campana en la espadaña" (Libro 35-7-11, folio 43 volto).

DOCUMENTACIÓN:

-Catálogo de Bens Culturais do Concello de Vilar de Santos. PXOM de Vilar de Santos. Clave: PAR2.
-A.H.D.OU.

Libro de visitas, 35-7-10.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulares:

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Área de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.:

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq.: -----

Xustificación da Protección:

Titularidade:

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservación: Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfológicas:

Tipo:

Data:

Descripción:

Proxecto:

Axentes:**Observacións:****Bens Mobles**

Nome	Subtipo	Localizacion
Ara de Laioso	Ara	Á esquerda da fachada principal da Capela, na parede.
Sartego de Laioso	Sarcófago	Á dereita da porta da capela, no exterior.







